

INFORMACIÓN DE INICIO DE CURSO 5º NIVEL DE EDUCACIÓN PRIMARIA CURSO 2020-2021

Estimadas familias,

O profesorado do 5º nivel queremos darvos a benvinda a este novo curso, tan peculiar debido á pandemia mundial que estamos a sufrir.

Por motivos sanitarios este curso non haberá reunión de inicio de curso presencial, polo que adxuntamos neste documento toda a información relevante de forma escrita.

As mestras titoras comezaremos as titorías individuais telefónicas, nas que faremos un resumo da información do documento e aclararemos todas as vosas dúbidas. As chamadas poderán realizarse con número oculto.

Moitas grazas pola vosa comprensión e colaboración.

Un saúdo,

Equipo educativo do 5º nivel

1. PROFESORADO QUE IMPARTE AO GRUPO, MATERIAS, NÚMERO DE SESIÓNS DE CADA MATERIA, IDIOMA DE CADA MATERIA, HORARIO.

Profesorado

5° A

Titora: María Belén Vázquez Lorenzo

Lingua galega e literatura: M^a Concepción Sánchez Vaamonde.

Educación plástica: M^a Concepción Sánchez Vaamonde.

Inglés: María del Mar Rodríguez Gómez

Educación musical: Sandra Outón López

Educación física: Francisco León Martínez

Valores Sociais e Cívicos: M^a Concepción Sánchez Vaamonde

Relixión Católica: M^a Carmen Facal Traba

5° B

Titora: Andrea Bouza González

Inglés: María del Mar Rodríguez Gómez

Educación musical: Sandra Outón López

Educación física: Francisco León Martínez

Relixión Católica: M^a Carmen Facal Traba

5° C

Titora: Eva Raquel Guimarey Cedeira

Inglés: María del Mar Rodríguez Gómez

Educación plástica: Francisco León Martínez.

Educación musical: Sandra Outón López

Educación física: Francisco León Martínez

Valores Sociais e Cívicos: Francisco León Martínez.

Relixión Católica: M^a Carmen Facal Traba

Materias, horas semanais e idioma

Lingua castelá e literatura	4 sesións semanais
Lingua galega e literatura	4 sesións semanais
Ciencias da natureza	2 sesións semanais (galego)
Ciencias sociais	2 sesións semanais (galego)
Matemáticas	5 sesións semanais (castelán)
Educación artística: Educación musical Educación plástica	Total: 2 sesións semanais 1 sesión semanal. (galego) 1 sesión semanal (castelán)
Relixión ou Valores Sociais e Cívicos	1 sesión Semanal (galego) 1 sesión Semanal (galego)
Educación física	2 sesións semanais (castelán)
Inglés	3 sesións semanais

Horarios

5ºA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:50	Lengua	Matemáticas	Lengua	Matemáticas	Lengua
9:50 – 10:40	Matemáticas	Inglés	Matemáticas	Lingua	Matemáticas
10:40 – 11:25	E.Física	E. Musical	Lingua	Relixión/VSC	Inglés
11:25 – 11:55	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
11:55 – 12:25	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:25 – 13:10	Lingua	Lingua	E. Física	Sociais	Natureza
13:10 – 14:00	Natureza	E. Plástica	Sociais	Inglés	Lengua

5ºB	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:50	Lengua	Inglés	Matemáticas	Relixión/VSC	Matemáticas
9:50 – 10:40	Matemáticas	Lengua	E. Física	Matemáticas	Inglés
10:40 – 11:25	Lingua galega	Matemáticas	Lingua galega	Lengua	C. Natureza
11:25 – 11:55	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
11:55 – 12:25	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:25 – 13:10	E. Física	Lingua galega	C. natureza	Inglés	Lingua galega
13:10 – 14:00	Sociais	Ed. Artística- Música	Lengua	C. Sociais	Ed. artística - plástica

5ºC	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 – 9:50	Lengua	Lingua	Natureza	Sociais	Matemáticas
9:50 – 10:40	Lingua galega	Lengua	Matemáticas	Relixión/VSC	E. Plástica
10:40 – 11:25	Sociais	Inglés	E.Física	Matemáticas	Natureza
11:25 – 11:55	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler	Hora de ler
11:55 – 12:25	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo	Recreo
12:25 – 13:10	Matemáticas	E. Musical	Lengua	Lingua galega	Inglés
13:10 – 14:00	E. Física	Matemáticas	Inglés	Lengua	Lingua galega

2. INFORMACIÓN DAS NORMAS DE AULA

As normas máis relevantes que o alumnado debe respectar na aula grupal son:

- Desinfectar as mans co xel hidroalcohólico cando corresponda.
- Levantar a man para pedir a quenda de palabra.
- Respectar e escoitar aos demais.
- Respectar os diferentes puntos de vista dos compañeiros e compañeiras.
- Sentar correctamente na cadeira.
- Coidar o material.
- Pedir permiso para levantarse.
- Falar de forma adecuada.
- Respectar as quendas para beber, facer o cambio de máscara ou ir aos aseos.
- Está terminantemente prohibido tocar os materiais e o mobiliario dos demais, así como os outros elementos da aula.
- Empregar unicamente o portátil para o indicado polos mestres.

3. ASPECTOS CURRICULARES.

Na **Programación didáctica curso 2020/2021** que será publicada na web do CEIP de Galán estará toda a información ao respecto dos aspectos curriculares do 5º nivel. .

Metodoloxía

Presencial

Os principios metodolóxicos refírense principalmente á atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente **comunicativa, inclusiva**, activa e **participativa**, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave, sendo as máis axeitadas as que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.

Integraranse as distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e teremos en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo el e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.

Prestaráselle especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e das alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo para lograr o éxito escolar.

Os mecanismos de reforzo, que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares. Entre estas medidas poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Fomentarase o traballo en equipo e a colaboración entre os alumnos, pero tamén a capacidade de aprender por un mesmo e de ter iniciativa. Procurarase que as actividades e tarefas propostas partan de contextos relacionados coa vida real ecoñecidos polo alumnado, de xeito que a comprensión dos contidos do currículo sexa máis efectiva. Nesta procura, poderanse utilizar traballos por proxectos, pequenos traballos de investigación.

Finalmente, a implicación das familias no proceso de ensino-aprendizaxe será moi potenciada nas diferentes reunións e titorías individuais, xa que a súa estreita colaboración contribuirá positivamente no rendemento do alumnado.

A distancia

As tarefas serán plantexadas a través do entorno virtual de aprendizaxe de Edixgal. Diariamente ditas tarefas serán colgadas nas distintas áreas de coñecemento, onde se explicará o seu desenvolvemento, prazos de realización e canles para o seu envío ao profesorado. Tanto a través da mencionada plataforma como a través de servidores de correo electrónico, o profesorado valora as tarefas e enviará as correccións pertinentes. Asimismo, outros mecanimos incluíndo videoconferencias por Webex, blogs, etc.

Disporemos de todos os recursos proporcionados pola plataforma E-dixgal, puidendo editar contidos, actividades e tarefas de todas as editoriais dispoñibles para o nivel.

Para aquel alumnado sen conectividade, facilitaranse materiais en PDF, fichas impresas e a comunicación faranse telefonicamente para garantir a continuidade do desenvolvemento educativo.

4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE PROMOCIÓN.

Crterios de avaliación

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe da Programación didáctica do curso 2020-2021. Tamén se terán en conta os estándares establecidos nos Plans de reforzo e recuperación, no caso de ter.

Crterios de cualificación presencial

Grao de cumprimento dos criterios de avaliación en relación coas competencias clave. Esta avaliación farase tanto con instrumentos de avaliación coma os exames, tarefas individuais, traballo en equipo, desenvolvemento das competencias clave (70%).

Actitude de traballo: coa avaliación das tarefas desenvoltas na escola e na casa, os cadernos (presentación, caligrafía, ortografía...) mediante a análise da produción do alumnado e observación sistemática (20%).

Participación activa: escoita, colaboración, participación no día a día das clases... mediante notas diarias da mestra e observación directa (10%).

Crterios de promoción

Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de **avaliación final**, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguinte sempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes.

Cando un alumno ou unha alumna non promociione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

O alumnado que promociione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

O alumno ou alumna **non promociiona** se non acada os mínimos nas seguintes materias:

As dúas linguas oficiais

Matemáticas e Lingua Galega ou Lingua Castelá

Tres áreas, sendo unha delas un área instrumental.

5. DATAS DE AVALIACIÓN.

A información dos resultados da avaliación infórmanse no **boletín trimestral**.

As **datas** de avaliación son:

1ª avaliación: 22 de decembro

2ª avaliación: 26 de marzo

3ª avaliación: 22 de xuño

Os boletíns publicaranse en AbalarMóbil e se entregan antes dos períodos **vacacións** (Nadal, Semana Santa e en xuño o último día de curso).

Se algunha familia non ten acceso á aplicación AbalarMóbil debe **comunicalo** para enviar o boletín impreso por outro medio.

6. INFORMACIÓN IMPORTANTE

Recoméndase ler na casa todos os días, xa que gracias a lectura, os nenos e nenas melloran notablemente en todas as materias debido a comprensión lectora, o incremento de vocabulario, a mellora na ortografía e o desenvolvemento da súa imaxinación e creatividade.

Limpeza e orde nos traballos tanto nos cadernos, como nos debuxos, resumos, fichas, traballos artísticos, etc.

As **tarefas** para rematar na casa ou tarefas de reforzo son puntuais, non como norma.

Todos os días tempo de estudio, esquemas, resumos, etc. É importante que adquiran un hábito de estudio diario. É fundamental que o fagan **sempre** no mesmo espacio, axeitado en canto a espacio, luz, tranquilidade, etc.

É importante que a **familia** leve un control das tarefas que deben rematar e das leccións que deben ir estudiando.

Para as familias que o soliciten ao centro, hai un perfil de usuario do Entorno Virtual de Aprendizaxe específico para vós.

Que fagan tamén un **seguemento** do grao de esforzo e rendemento dos nenos.

Revisión de exames: revisan os alumnos e anotan erros na axenda ou libreta pequena.

Moi importante o cumprimento das normas de convivencia, especialmente as relativas ás medidas do protocolo COVID 19.

Xustificación de faltas: AbalarMobil para xustificar. En papel soamente o documento oficial.

A cartas de faltas envíase unicamente a familias que non dispoñen de AbalarMóbil.

Teléfonos e datos do alumnado: para avisar en casos de **emerxencia** ou necesidade. Se cambiou ou cambian calquera dato, especialmente o teléfono debe comunicarse na secretaría, para estar sempre en contacto no caso dunha incidencia ou urxencia COVID-19.

7. NORMAS DE SAÍDA FÓRA DO HORARIO HABITUAL

Deberá quedar constancia cando o alumnado sae do centro durante o horario lectivo no **libro** de rexistro de recollidas que ten a disposición o conserxe no interior do centro.

Na **páxina web** hai información ao respecto.

8. PROTOCOLO DE ABSENTISMO.

Iníciase ás **3 faltas** sen xustificar no mesmo mes.

Para as xustificacións relacionadas co COVID-19 a **familia** é a responsable de xustificar a falta. Non é precisa a xustificación médica.

9. ABALAR MÓBIL

Poden empregalo para facer as comunicacións de cambios ou outros avisos ao profesorado titor e tamén as xustificacións, faltas de puntualidade ou asistencia.

Non é necesario que chamar ao centro, pódese avisar e xustificar por AbalarMóbil.

10. E-DIXGAL.

Folleto informativo ás familias:

(moi importante o apartado referido ao **seguro**):

https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/abalar_folleto2020.pdf

Video con información relevante:

<https://youtu.be/Rle6Gw0on1A>

Soporte Premium:

<https://www.edu.xunta.gal/espazoAbalar/espazo/e-dixgal/soporte>

É recomendable empregar un **buscador** infantil para facer as búsquedas no navegador. (Bunis, KidsRex)

Os **libros** e materiais que imos empregar para as diferentes materias son: Netex, Netex Smart, Edebé, Aula Planeta, Dixit, Pearson.

É recomendable dispoñer na aula de **auriculares** e **rato** para algunhas actividades.

No caso de familias que non solicitaron o portátil de alumnado para o domicilio, todos os **programas** do mesmo poden descargarse noutros equipos e son **Software libre**.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/abalar/aulavirtual/mod/data/view.php?id=3207>

11. HORA DE LER E PLAN LECTOR.

Accións de contribución ao proxecto lector dende o 5º nivel

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de **comprensión lectora** de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato.

Co fin de fomentar o **hábito de lectura**, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura non inferior a trinta minutos, que o curso 2020-2021 establécese de **11:25 a 11:55**.

Teremos en conta o programa de centro de promoción da lectura (**Proxecto Lector de Centro**) do proxecto educativo do centro para elaborar o programa anual de lectura.

12. HORARIO DE ATENCIÓN ÁS FAMILIAS.

Os días de atención ás familias son os **luns de 17:00 a 18:00**

A cita acordarase empregando mensaxes de **AbalarMóbil** ou **telefonicamente** no caso de familias que non teñen instalada a aplicación.

Importante: as chamadas poderán facerse dende un **número oculto**.

13. INFORMACIÓN COVID IMPORTANTE.

É moi necesario que o alumnado veña ao centro con roupa de abrigo adecuada, pois durante a xornada hai uns tempos de ventilación da aula e pode facer frío.

Fomentar e colaborar no cumprimento das normas do centro desde as familias, e especialmente no uso de máscaras.

Quitar a máscara ou facer un mal uso da mesma está considerada como unha conduta contraria á convivencia.

Enlace aos documentos de interese da páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1489>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1493>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1494>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1502>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1497>

https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/system/files/u2/enquisa_de_autoavaliacion.pdf

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1509>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipgalan/node/1510>

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Este curso deben **adaptarse** á nova situación.

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares do centro.

